



## **Triunfo dos infantís galegos no V Campeonato de España Copa Presidente de Recorridos de Caza con Arco**

O pasado día 3 de maio tiña lugar nas instalacións do Clube Poutomillos Breogán, en Poutomillos (Lugo), a V edición do Campionato de España de Clubes –Copa Presidente- de Percorridos de Caza con Arco, organizado pola Real Federación Española de Caza en colaboración coa Federación Galega de Caza e o Clube Poutomillos Breogán.

Un total de 11 equipos participaban na proba que comezaba as 10:30h da mañá, prolongándose ata as 13:30h. O percorrido realizouse sobre 6 zonas de caza: (axexo caza ibérica, depredadores, espera de xabaril en posto elevado, caza menor roedores e acuáticas, axexo caza americana e descaste de cérvidos), e unha zona final común para tódolos clubes, onde un representante de cada clube debía disparar 3 frechas: a primeira sobre unha diana de xabaril en movemento, a segunda en xeonllos e a terceira de pe sobre dúas dianas fixas.

Na categoría infantil, foi o clube galego 'Poutomillos 3' que se alzou ca victoria con 112 puntos. Na categoría absoluta, os galegos non acadaron tan bo resultado e o primeiro equipo galego desta categoría rematou no 6º lugar, con 376 puntos.



Así pois os tres primeiros clasificados absolutos foron:

Pos.	Clube	Comunidade	Puntos
1º	Club Flecha Negra	Madrid	556
2º	Club Arcaza	Murcia	536
3º	Club Cazaar	Castela e León	430

### **Gabinete de Comunicación**

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)



Federación Galega de Caza  
Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779

Correo Electrónico: [federacion@federaciongalegadecaza.com](mailto:federacion@federaciongalegadecaza.com) Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>